

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa á creación dun novo xulgado en Sarria.

Exposición de Motivos

Unha simple ollada aos datos da memoria dos xulgados e tribunais de Galicia revela con clarezza a situación de saturación na que se atopa o xulgado de primeira instancia e instrución de Sarria.

Os datos amosan o considerable retraso que acumula este órgano xudicial, que ao rematar 2013 sumaba 556 asuntos sen resolver, certo que por baixo dos do ano anterior, que totalizaban 747 asuntos. Este xulgado recibe unha media de dous milleiros de asuntos ao ano, dos cales preto de setecentos son civís cando o límite máximo marcado polo Consello Xeral do Poder Xudicial son 450 casos.

Os retrasos que se miden en anos atentan contra o dereito da cidadanía a dispor dunha xustiza efectiva e agravan as condicións de traballo do persoal público e dos profesionais dese sector. Este grupo parlamentar vai seguir a presentar novas iniciativas que favorezan a creación de novos órganos xudiciais, para manter e ampliar os reforzos xudiciais e para conquistar unha completa dotación técnica que redunde nunha mellora das condicións nas que se presta un servizo público esencial.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a reclamar a creación dun novo xulgado de primeira instancia e instrución en Sarria.



En Compostela, a 16 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 16/03/2015 11:01:17